

# Directorio de empresas e unidades locais

Resumo de resultados 27/12/2024

## ÍNDICE

Introdución .....	1
Empresas activas segundo a sede social .....	2
Empresas activas segundo a personalidade xurídica .....	2
Empresas activas segundo a actividade principal .....	4
Empresas activas segundo o estrato de asalariados .....	5
Unidades locais activas .....	5
Definicións e máis información .....	7
Definicións .....	7
Máis información .....	7

## Introdución

O [Directorio de empresas e unidades locais](#) recolle as empresas con sede en Galicia e as empresas con sede social nunha provincia non galega, pero que exercen unha ou varias actividades económicas no noso territorio.

O Regulamento (CEE) núm. 177/2008 do Parlamento Europeo e do Consello establece que nos rexistros de empresas se deberán incluír todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao Produto Interior Bruto (PIB) e as súas unidades locais. Para adaptarse a este regulamento, o Directorio de empresas e unidades locais do [Instituto Galego de Estatística \(IGE\)](#) inclúe a partir de 2014 as actividades económicas das seccións A (agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca) e O (administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria) da [Clasificación Nacional de Actividades Económicas \(CNAE-2009\)](#).

Non obstante, non se consideran as empresas nin as unidades locais con actividade principal pertencentes ás seguintes seccións da CNAE-2009:

- T: Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio
- U: Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais

Con carácter xeral, o directorio ten como data de referencia o día 1 de xaneiro de cada ano.

Coa entrada en vigor do Regulamento EBS 2019/2152 da Comisión Europea e do seu Acto de Implementación 2020/1197, introducíronse cambios metodolóxicos para aproximarse á **nova definición de empresa economicamente activa**. Como consecuencia, o cómputo de empresas activas na explotación estatística do Directorio de Empresas e Unidades Locais de Galicia vese alterado a partir do ano 2023, polo que **os datos resultantes non son comparables cos dos anos anteriores**.

## Empresas activas segundo a sede social

Segundo a Explotación estatística do directorio de empresas e unidades locais que elabora o IGE, o número de empresas economicamente activas en Galicia situouse en 234.980 empresas a día 1 de xaneiro de 2023.

### Número de empresas activas en Galicia segundo o sector de actividade. Ano 2023

Unidade: número de empresas

Actividade económica	España	Galicia	Total
Total	4.479	230.501	234.980
- Agricultura e pesca	39	36.691	36.730
- Industria, incluída a enerxía	363	12.735	13.098
- Construción	324	26.490	26.814
- Servizos	3.753	154.585	158.338

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#))

Destas, o 98,09 % teñen a súa sede social en Galicia e o 1,91% restante (4.479 empresas) fóra da comunidade autónoma.

### Número de empresas activas en Galicia segundo a sede social

Unidade: número de empresas, %

Ámbito xeográfico	2023	Porcentaxe
España	4.479	1,91
Galicia	230.501	98,09
A Coruña	93.688	39,87
Lugo	33.861	14,41
Ourense	24.816	10,56
Pontevedra	78.136	33,25


Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#))

## Empresas activas segundo a personalidade xurídica

Segundo a personalidade xurídica da empresa, a persoa física é a tipoloxía máis habitual dentro do tecido empresarial galego, xa que o 62,99 % das empresas economicamente activas con actividade en Galicia pertencen a esta tipoloxía. A continuación, atópanse as sociedades limitadas, que supoñen o 26,99 %.

### Distribución das empresas activas con actividade en Galicia segundo a súa personalidade xurídica. Ano 2023

Unidade: porcentaxes (%)



Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#))

Cabe destacar que a distribución das empresas segundo a personalidade xurídica varía en función do sector de actividade. Deste xeito, dentro do sector primario (agricultura e pesca), o 83,54 % das empresas economicamente activas son persoas físicas, mentres que para a industria e a enerxía esta porcentaxe baixa ata o 39,82 %. Neste sector, case a metade das empresas activas (o 49,62 %) adoptan a forma xurídica de sociedade limitada. Por outra banda, na construción o peso das persoas físicas é tamén superior ao das sociedades limitadas, pero ambas porcentaxes están máis próximas que no caso do sector primario (57,97 % e 36,15 %, respectivamente). Por último, no sector servizos, o 60,99 % das empresas activas corresponden a persoas físicas, o 28,60 % a sociedades limitadas, o 1,42 % a sociedades anónimas, o 0,49 % son cooperativas e o 8,50 % restante adopta unha forma xurídica distinta ás tipoloxías presentadas.

### Distribución porcentual das empresas activas segundo a súa personalidade xurídica e o seu sector de actividade. Ano 2023

Unidade: porcentaxes (%)

Actividade económica	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades limitadas	Cooperativas	Outros
Total	62,99	1,41	26,99	0,52	8,08
- Agricultura e pesca	83,54	0,23	5,28	0,63	10,33
- Industria, incluída a enerxía	39,82	4,95	49,62	1,03	4,59
- Construción	57,97	1,29	36,15	0,35	4,24
- Servizos	60,99	1,42	28,60	0,49	8,50

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#))

## Empresas activas segundo a actividade principal

Atendendo á actividade principal segundo a CNAE-2009, o 18,91 % das empresas economicamente activas dedícanse a actividades de comercio e reparacións. Séguenlle en importancia as empresas dedicadas á agricultura, gandaría, silvicultura e pesca (15,63 %) e á construción (11,41 %).

### Número de empresas activas en Galicia segundo a actividade principal (seccións da CNAE-2009). Ano 2023

Unidade: número de empresas, porcentaxes (%)

Actividade económica	Número de empresas	Porcentaxe
Total	234.980	100,00
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	36.730	15,63
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	190	0,08
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	12.165	5,18
D FORNECIMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	447	0,19
E FORNECIMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	296	0,13
F CONSTRUCIÓN	26.814	11,41
G COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	44.429	18,91
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	11.886	5,06
I HOSTALARÍA	18.499	7,87
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	3.485	1,48
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	4.816	2,05
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	7.466	3,18
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	23.434	9,97
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	7.623	3,24
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURANZA SOCIAL OBRIGATORIA	454	0,19
P EDUCACIÓN	7.602	3,24
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	9.321	3,97
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	6.401	2,72
S OUTROS SERVIZOS	12.922	5,50

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#))

## Empresas activas segundo o estrato de asalariados

O día 1 de xaneiro de 2023 había en Galicia un total de 154.408 empresas activas sen asalariados, o que supón aproximadamente o 65,71 % do total. Ademais, 43.499 empresas activas contaba con un ou dous asalariados (o 18,51 % do total). As empresas activas con polo menos 20 asalariados representan o 2,23 % do total.

As porcentaxes máis altas de empresas activas con ningún, un ou dous asalariados obsérvanse no sector primario, onde o 96,13 % teñen esta característica. No outro extremo atópase o sector industrial (incluída a enerxía), onde a porcentaxe de empresas activas que non chega a tres persoas asalariadas é do 63,57 %.

### Número de empresas activas en Galicia segundo o estrato de asalariados. Ano 2023

Unidade: número de empresas, porcentaxes (%)

Estrato de asalariados	Número de empresas	Porcentaxe
Todos	234.980	100,00
sen asalariados	154.408	65,71
de 1 a 2 asalariados	43.499	18,51
de 3 a 5 asalariados	18.140	7,72
de 6 a 9 asalariados	7.983	3,40
de 10 a 19 asalariados	5.694	2,42
de 20 a 49 asalariados	3.372	1,44
de 50 a 99 asalariados	1.012	0,43
de 100 a 249 asalariados	596	0,25
de 250 a 499 asalariados	152	0,06
500 ou máis asalariados	124	0,05

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#))


## Unidades locais activas

O 42,31 % das unidades locais de empresas activas en Galicia o día 1 de xaneiro de 2023 estaban situadas nalgún dos 7 grandes municipios galegos. Os concellos de Vigo e A Coruña son os que concentran un maior número de unidades locais, con 26.018 e 24.391, respectivamente.

O 2,93 % das unidades locais activas emperezadas na comunidade autónoma de Galicia conta con 20 ou máis asalariados. Un total de 67 concellos amosan unha porcentaxe de unidades locais con 20 ou máis asalariados superior á media galega. Destaca o concello de Carballeda de Valdeorras cunha porcentaxe de unidades locais nesta tipoloxía do 24,6 %.

### Número de unidades locais activas (non se inclúe o sector primario nin a administración pública). Ano 2023


Unidade: número de unidades locais



Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#))

**Porcentaxe de unidades locais activas con 20 ou máis asalariados/asalariadas (non se inclúe o sector primario nin a administración pública). Ano 2023**

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#))

## Definicións e máis información

### Definicións

### Máis información

- Empresas con actividade en Galicia segundo a actividade principal (grupos CNAE-2009) e condición xurídica. España, Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Empresas con actividade en Galicia segundo o estrato de asalariados. España, Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Empresas con actividade en Galicia segundo a actividade principal (grupos CNAE-2009) e estrato de asalariados. España, Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Altas, baixas e permanencias segundo a sede social. España, Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Unidades locais en Galicia segundo a actividade principal e o estrato de asalariados. Galicia, provincias, comarcas e concellos